

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 27 de xullo de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de xullo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(893).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 13.07 e extraordinaria e urxente do 18.07.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.alcalde-presidente.

2(894).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A)D'ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A. EXPTE. 4128/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá do 29-05-2012, conformado polo concelleiro-delegado de área, da Intervención Xeral Municipal do 16-07-2012 e do xefe de Contratación en data 20-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a D´ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A., a fianza de 819,37 euros, constituída para responder da elaboración da guía de actividades

empresariais xa que o servizo se executou conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B)D'ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A. EXPTE. 4129/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá do 29-05-2012, conformado polo concelleiro-delegado de área, da Intervención Xeral Municipal do 16-07-2012 e do xefe de Contratación en data 20-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a D´ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A., a fianza de 1.448,28 euros, constituída para responder da elaboración do Estudo “Novos perfís profesionais”, xa que o servizo se executou conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C)D'ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A. EXPTE. 4130/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá do 29-05-2012, conformado polo concelleiro-delegado de área, da Intervención Xeral Municipal do 16-07-2012 e do xefe de Contratación en data 20-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a D´ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A., a fianza de 1.767,24 euros, constituída para responder da elaboración do “Observatorio sobre emprego e medio ambiente, xa que o servizo se executou conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

3(895).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA, PARA A FESTA DA SARDIÑA 2012. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4582/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 25-06-2012 da técnica do servizo de Festas e do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural conformado pola concelleira da Área de Cultura e Festas e pola da área de Economía e Facenda, visto o informe xurídicos e o da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para a co-organización da “FESTA DA SARDIÑA 2012”.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 7.650,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), con cargo á partida presupostaria

3380.489.0004 (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía – Festa Sardiña) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2012.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2012.

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira delegada da Área de Cultura e festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don José Gonda Faria, como presidente da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Alonso Ojeda nº 14 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4012/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten por fin, entre outros, a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados cos ditos fins sociais. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das “Festas de Verán 2012”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.650 € (sete mil seiscentos cincuenta) euros, a favor da asociación Comisión de Festas Nosa Señora da Guía.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa da Sardiña 2012 na carballeira da Guía o día 6 de agosto.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4582/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Asociación de Comisión de Festas Nosa**

Señora das Neves da Guía, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2012, que terá lugar na carballeira da Guía, o día 11 de agosto de 2012 e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2012".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 7.650 € (sete mil seiscientos cincuenta) euros co obxecto de coadjuvar ó financiamento da organización da Festa da Sardiña 2012.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, da entidade bancaria BANCO PASTOR, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio. A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de festas. O persoal técnico do servizo de festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e festas, e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Cultura e festas nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Cultura e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto,

polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello de Vigo os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

4(896).- CAMBIO DE DATA DA CELEBRACIÓN DA XVII FESTA DO MEXILLÓN PARA O VINDEIRO 2.09.2012, NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, APROBADO XGL 13.07.2012. EXPTE. 4584/335.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do 20-07-2012, da xefa do servizo de Festas, conformada polo do servizo de Xestión e Promoción Cultural e máis pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o cambio de data de celebración da XVII Festa do Mexillón para o vindeiro 2 de setembro, no marco do convenio de colaboración coa Federación de Peñas

recreativas El Olivo aprobado pola Xunta de Goberno local na súa sesión do 13 de xullo de 2012.

5(897).- CESIÓN TEMPORAL VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚM. F-00473-C-006. EXPTE. 5573/224.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da xefa do servizo de Igualdade do 20-07-2012, conformada pola concelleira delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5573/224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

6(898).- RELACIÓN DE XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, visto o informe do 18-07-2012, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	12005391	1.200,00	1.200,00	----	----
CABRERA RIANDE JORGE	12006213	1.000,00	979,69	20,31	----
CABRERA RIANDE JORGE	12006376	400,00	371,86	28,14	----
COMESAÑA ALÉN JUAN	12018325	295,93	295,23	00,70	----
CRESPO CASAL ÁLVARO	12019056	42,76	42,76	----	----
CRESPO CASAL ÁLVARO	12025262	126,68	126,68	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12010139	3.000,00	1.081,00	1.919,00	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12021025	50,00	50,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12025264	360,00	360,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12025285	191,81	191,81	----	----
ESPADA RECARAEY LUIS	12018214	17.999,00	16.851,23	1.147,77	----
ESPADA RECARAEY LUIS	12019058	7.572,60	7.572,60	----	----

ESPADA RE CAREY LUIS	12019059	500,00	492,63	7,37	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12019061	700,00	692,08	07,92	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12019065	500,00	476,65	23,35	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12019807	500,00	361,95	138,05	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12021029	500,00	387,80	112,20	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12021030	311,00	311,00	----	----
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO JAVIER	12019678	450,00	450,00	----	----
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO JAVIER	12022999	611,72	611,72	----	----
LÓPEZ MOURE JESÚS	12015931	55.000,00	52.983,00	2.017,00	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	12006218	6.000,00	5.871,13	128,87	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	12006378	1.280,00	1.280,00	----	----
QUINTELA RODRÍGUEZ M ^a JOSÉ	12011959	50.000,00	50.000,00	----	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	12013759	1.152,00	1.152,00	----	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	12015936	240,00	240,00	----	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	12028662	2.400,00	2.400,00	----	----
VIVERO MIJARES ANTONIO	12005393	3.000,00	1.482,71	1.517,29	----
VIVERO MIJARES ANTONIO	12005395	600,00	33,35	566,65	----
TOTAL		155.983,50	148.348,88	7.634,62	,00

a) Rendéronse no prazo establecido.

b) A conta está debidamente asinada e comprende debidamente relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.

c) Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranste.

d) Que os gastos concretos e determinados son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos e que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ao acredor da factura ou xustificante.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ao mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	12005389	1.500,00	----	1.500,00	----
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	12004525	6.000,00	2.126,36	3.873,64	----
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	12008669	206,74	206,74	----	----
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	12008670	350,00	390,18	----	40,18
COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN	12006790	1.500,00	1.493,38	6,62	----
COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN	12006791	5.000,00	4.995,28	4,72	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12004309	500,00	64,93	435,07	----
MAGDALENA VILA M ^a JESÚS	12010915	200,00	79,80	120,20	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	12005728	1.000,00	997,66	2,34	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	12006794	3.000,00	2.868,59	131,41	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	12006796	1.000,00	526,22	473,78	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	12006797	1.000,00	1.178,14	----	178,14
TOTAL		21.256,74	14.927,28	6.547,78	218,32

a) Non se renderon no prazo establecido.

b) A conta está debidamente asinada e comprende debidamente relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.

c) Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranste.

d) Os gastos concretos e determinados son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos e que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ao acredor da factura ou xustificante.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ao mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

7(899).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Ó MERCADO SOLIDARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO MERCADO SOLIDARIO NA PRZA. DE COMPOSTELA, SEN DANOS. EXPTE. 83048/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 16-07-2012, do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, visto así mesmo o informe do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 12-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención Xeral Municipal se proceda á devolución do aval depositado con data 21 de xuño do 2012 por parte de MERCADO SOLIDARIO POR UN IMPORTE DE 4.000 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración do MERCADO SOLIDARIO do 18 de xuño ao 9 de xullo na Praza de Compostela, ao comprobarse que non houbo danos no espazo utilizado.

8(900).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A AC MOTOLAGARTOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN III CONCENTRACIÓN MOTOLAGARTOS VIGO, SEN DANOS. EXPTE. 83049/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade do 16-07-2012, vistos así mesmo o informe do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos de Intervención Xeral Municipal se proceda á devolución do aval bancario achegado en data 26 de xuño de 2012 por parte de AC MOTOLAGARTOS, CIF G-27743319 por un importe de 2.000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración da III Concentración Motolagartos Vigo, do 30 de xuño ao 1 de xullo en Beade.

9(901).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A AAVV PRAZA DA MIÑOCA POLA CELEBRACIÓN DUNHA CHOURIZADA NA PRAZA. DA MIÑOCA, SEN DANOS. EXPTE. 82982/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade do 16-07-2012, vistos así mesmo o informe do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 29 de maio de 2012, por parte de AAVV PRAZA DA MIÑOCA CIF G-36842284, por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración dunha chourizada o día 23 de xuño na praza da Miñoa ao comprobarse que non houbo danos no espazo utilizado.

10(902).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á IRMANDADE DONANTE DE SANGRE, POLA CELEBRACIÓN DA FESTA DONANTE DE SANGRE, SEN DANOS. EXPTE. 83077/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade do 18-07-2012, vistos así mesmo o informe do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención Xeral Municipal se proceda á devolución do aval bancario achegado en data 20 de outubro de 2011, por parte de IRMANDADE DE DOADORES DE SANGUE, CIF G-36609758, por un importe de 4.000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración da FESTA DONANTE DE SANGUE, celebrada o 3 de setembro en Castrelos.

11(903).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA ARTECOM S.L. EN CONCEPTO DE EMBALAXE E TRASLADO DAS OBRAS Á PINACOTECA. EXPTE. 6725/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24 de xullo de 2012, elaborado pola xefa de Patrimonio Histórico co conformidade do concelleiro-delegado de área, vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal de datas 3 e 6 de xullo de 2012, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación de servizos prestados pola entidade ARTECOM, S.L.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial de créditos a favor da empresa ARTECOM, S.L., co CIF B-36248268, en relación coa prestación de servizos de embalaxe e traslado da obra á pinacoteca, consonte coa factura nº 472, con data de rexistro 22/06/12, por un importe total de 17.440,40 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260901 "REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN APERTURA PINACOTECA" do orzamento municipal do ano 2012.

12(904).- CORRECCIÓN ERRO ACORDO XUNTA GOBERNO LOCAL DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DOS

DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO E MAIO-2012. EXPTE. 23242/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 06-06-2012, da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda: Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2012, que quedará redactado como segue:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía (condutores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Maio-2012	230,00
Alcaldía (oficina)	De Abalde Comesaña, Raquel	Xaneiro-2012	34,00
Extinción Incendios	De Cabaleiro Novelle, Daniel a Vila Da Vila, José Carlos	Maio-2012	343,00
Policía Local (Xulgado)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vidal Macia, Ramón	Maio-2012	1.048,00
Policía Local (Horas en exceso)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Villar Da Vila, Emilio José	Maio-2011	538,05
Limpeza	De Arango Fernández, Luciano a Fernández Pérez, Fernando	Outubro e Decembro-2011	34,00
Parque Central	De Froján Villaverde, José a Pérez Fernández, J. Alfonso	Novembro e Decembro-2011	105,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 23.935'73 €”

13(905).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS DE DOUS AUXILIARES DE LABORATORIO POR UN PERÍODO DUN ANO. EXPTE. 23229/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 29-06-2012, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 17-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder á contratación laboral-temporal en prácticas, de dous/dúas auxiliares de laboratorio, ao abeiro do exposto no Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude da Directora do Laboratorio Municipal de data 15 de marzo de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo correspondente gasto por importe de 14.778,14€, con cargo a partida orzamentaria

121.0.140.00.00 –“outras modalidades de contratación temporal”, para facer fronte á referida contratación laboral temporal en prácticas.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia, se proceda á formalización dos contratos laborais temporais en prácticas, polo período dun ano, prorrogable por outro mais en dúas prórrogas de seis meses, ao abeiro do disposto no Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, do/da candidato/a D. PEDRO POUSA FERNÁNDEZ, DNI 77.003.590-G e, D^a. SANDRA GREGORES ÁLVAREZ, DNI 76.905.492-R, proposto/a polo citado Órgano de Selección. Durante o desenvolvemento do contrato, percibirán o 60% das retribucións do posto durante o primeiro ano e o 75% durante o segundo, do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente o posto de traballo de Auxiliar de Laboratorio que figura na Relación de Postos de Traballo vixente Cód. 141, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicada no BOP de 16 de novembro seguinte e, sendo adscrita/o ao Laboratorio Municipal, Cód. 313.

Terceiro.- A xornada laboral do/a traballador/a contratado/a, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde ou noite, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

14(906).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ASISTENCIA A CURSO DE ESPECIALIZACIÓN DE XESTIÓN PÚBLICA LOCAL DE MARÍA DAPENA GÓMEZ. EXPTE. 23315/220.

Con data 23-05-2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal emitiu a seguinte resolución na que figura a conformidade da concelleira-delegada da área de Economía e Facenda:

“A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) convoca anualmente os diferentes módulos integrantes do Curso de Especialización en Xestión Pública Local, que se celebra anualmente na súa sede de Madrid.

Os citados módulos -integrados dentro da globalidade do curso de especialización concreto, dos cales se incorporan os correspondentes programas formativos- teñen por obxecto facilitar as ferramentas teóricas e prácticas que permitan definir escenarios de futuro nunha Administración Local, capacitando aos directivos para o plantexamento e asunción de retos e obxectivos estratéxicos para despregalos con liderazgo na organización, así como para facilitar a diagnose e

toma de decisións, axudándolles a definir estratexias para a xestión e o cambio. Dita actividade combina sesións presenciais con realización de traballos, estudos ou supostos prácticos por vía telemática por parte do participante, asignándolle un titor/a responsable de verificar a entrega das tarefas en prazo, así como da súa cualificación.

Á referida actividade asiste dende o ano 2010 a funcionaria municipal D^a María Dapena Gómez, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, quen superou xa catro dos seis módulos da citada actividade, realizados satisfactoriamente, obtendo as certificacións acreditativas de aptitude nos mesmos, expedidas pola propia FEMP, e que obran incorporadas ao expediente persoal da mesma.

Dentro do ámbito funcional do Servizo de Recursos Humanos, onde presta servizos como responsable do mesmo a citada funcionaria, estímase de especial relevancia a asistencia o módulo indicando, aos efectos de completar a especialización indicada, considerando non só as funcións inherentes ao posto de traballo que ocupa, senón o grao de responsabilidade na xestión administrativa, económica e xurídica dun cadro de persoal cercano aos 1.500 efectivos, que demanda directivos con visión estratéxica, actualización continua de coñecementos e capacidades e incardinación na cultura da mellora continua.

Tendo en conta que para o avance e modernización das administracións públicas é necesario contar con efectivos capacitados en habilidades directivas, que dispoñan non só dos coñecementos e formación suficientemente actualizada para facer fronte aos retos aos que deben enfrontarse, nun escenario de constante cambio, senón que se impliquen na cultura da orientación cara a excelencia nas Administracións Públicas, e en concreto, na mellora do Concello de Vigo; así como ao feito de que coa asistencia aos citados módulos se rematará a actividade formativa indicada, considerase imprescindible a asistencia da funcionaria indicada á citada actividade, quen recibiu confirmación electrónica da súa admisión a ambos módulos, segundo xustificacións adxuntas.

A Base 36 das vixentes Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o ano 2011 (en situación de prórroga para o presente exercicio orzamentario 2012) baixo o epígrafe "Indemnizacións por razón de servizo" dispón que:

"As axudas de custo a percibir polos membros da Corporación, funcionarios/as e demais persoal do Concello para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e a estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias"

"/.../ "Os funcionarios/as e demais persoal do Concello poderán ser resarcidos dos gastos de locomoción e manutención que por razón do servizo se vexan obrigados a realizar dentro do termo municipal.

No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, en que se percibirá o 100 % de ditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 % cando dita hora de saída sexa posterior ás catorce horas pero anterior ás 22 horas.

No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior ás 14 horas, en cuxo caso percibirase, con carácter xeral, unicamente o 50 % dos gastos de manutención."

Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Se ao autorizar a comisión de servizo non se determinase expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles, de acordo co previsto no Real Decreto 462/2002.

Cando, excepcionalmente, así se determine no acordo, poderase utilizar vehículos particulares ou outros medios especiais de transporte nos casos previstos na normativa en cada momento vixente.

Cando a orde da comisión o autorice, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, una vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos e o lugar de destino da comisión ou lugar da residencia oficial, segundo se trate de ida ou volta, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, relacionadas co servizo de que se trate”

Segundo o recollido no artigo 9 e Anexo I do Real Decreto 462/2002 e a Base 36 das bases de execución dos Orzamentos Municipais, solicítase para as sesións a celebrar do 13 ao 19/06/2012 a cantidade total de 437,00 euros, segundo informe de data 23/05/2012 incorporado ao expediente:

Dietas en concepto de manutención	-Día de saída (12/06/2012): 18,70 euros en concepto de manutención, por ter lugar a saída despois das 14:00h. -Días intermedios (13 ao 18/06/2012): 149,60 euros, correspondentes a 4 dietas de manutención. -Día de regreso (19/06/2012): 18,70 euros en concepto de manutención, por ter lugar a saída despois das 14:00h.	
Aloxamento	Non se consignan gastos por aloxarse en domicilio particular	
Desprazamentos	Avión (traxecto Vigo-Madrid)	180 eros
	Taxi/autobús/metro	70euros
TOTAL		437,00 euros

En consecuencia, e no uso das facultades que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr.Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto do 13 de xuño do 2011, pola presente RESOLVO:

“PRIMEIRO.- Autorizar a asistencia da funcionaria municipal D^a María Dapena Gómez, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, con nº de persoal 79.369, aos Módulos C e E do Curso de Especialización en Xestión Pública Local, convocado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), a desenvolver en Madrid entre os días 13 a 19 de xuño do 2012 (ambos inclusive) e 19 e 20 de setembro do 2012 as sesións de peche, segundo programas e documentación adxuntos.

SEGUNDO.- Autorizar os gastos en concepto de desprazamento e manutención pola asistencia aos citados módulos do Curso de Especialización en Xestión Pública Local, dispoñéndose que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación dos correspondentes expedientes de gasto aos efectos de autorizar os libramentos a xustificar para os desprazamentos nas datas indicadas no apartado primeiro, segundo solicitude adxunta, por importe de 437,00 euros, correspondentes ás sesións a celebrar do 13 ao 19 de xuño do 2012, distribuídos do seguinte xeito:

Dietas en concepto de manutención	-Día de saída (12/06/2012): 18,70 euros en concepto de manutención, por ter lugar a saída despois das 14:00h. -Días intermedios (13 ao 18/06/2012): 149,60 euros, correspondentes a 4 dietas de manutención. -Día de regreso (19/06/2012): 18,70 euros en concepto de manutención, por ter lugar a saída despois das 14:00h.	
Aloxamento	Non se consignan gastos por aloxarse en domicilio particular	
Desprazamentos	Avión (traxecto Vigo-Madrid)	180 eros
	Taxi/autobús/metro	70euros
TOTAL		437,00 euros

Debendo imputarse os gastos ás partidas orzamentarias seguintes:

- Con cargo a partida 922.1.2300200 (dietas) o importe de 187,00 € correspondentes aos gastos de manutención.
- Con cargo a partida 922.1.2312000 (gastos locomoción) o importe de 250 €, correspondentes aos gastos de desprazamento (avión + transporte).

TERCEIRO.- Autorizar libramento a xustificar por importe de 437,00 € a nome da funcionaria D^a María Dapena Gómez, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, con nº de persoal 79.369 e DNI 44082555L, con cargo ás partidas orzamentarias anteriormente sinaladas, destinado aos gastos de desprazamento e manutención derivados da asistencia da funcionaria aos Módulos C e E do Curso de Especialización en Xestión Pública Local organizado pola FEMP nos termos anteditos, dispoñendo que o pagamento farase efectivo na conta restrinxida de pagos aperturada na Tesourería Municipal, núm. c/c 2080/0000/720040287905.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior Resolución do concelleiro-delegado de Xestión municipal.

15(907).- DAR CONTA PERMISO PARA ATENDER A FAMILIAR DE DONA JUANA RAMIRO GARCÍA. EXPTE. 23295/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 13-07-2012, da técnico de Xestión, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Autorizar a D^a. Juana Ramiro García (DNI 35.987.254-M) e nº de persoal 8096, administrativa de administración xeral, adscrita ao Servizo da Tesourería, un permiso retribuído do 11 de xullo ao 9 de agosto de 2012, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado do seu home.

16(908).- DAR CONTA DO CESE TEMPORAL DO VICEINTERVENTOR XERAL ADXUNTO DON JUAN RAMÓN GONZÁLEZ CARNERO. EXPTE. 23296/220.

Con data 16 de xullo de 2012, o alcalde-presidente deste Concello emitiu a seguinte Resolución:

“Vista a Resolución do Director Xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia) de data 16.07.2012, autorizando a comisión de servizos de carácter temporal ao funcionario D. Juan Ramón González Carnero, con DNI 34249488G, para o posto de traballo de Interventor Xeral no Concello de Santiago de Compostela, por un período de 1 ano e sempre que con anterioridade o posto non sexa provisto regularmente.

Na mesma resolución establécese expresamente o dereito á reserva do posto que ocupa en propiedade no Concello de Vigo (Viceinterventor Xeral Adxunto).

En consecuencia, e ao abeiro do establecido na Disposición Adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en relación ao réxime xurídico transitorio dos funcionarios con habilitación de carácter estatal; vistas as competencias que a comunidade autónoma de Galicia ostenta en canto á carreira profesional dos funcionarios con habilitación de carácter estatal segundo preceptúa o artigo 241 da Lei 5/1994, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en relación co Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as con habilitación de carácter estatal; e no uso das competencias que en canto á superior dirección do persoal municipal me confire o artigo 124.4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do goberno Local,

RESOLVO

“Acordar o cesamento temporal na prestación de servizos como Viceinterventor Xeral Adxunto de D. Juan Ramón González Carnero, de conformidade co establecido no artigo 43 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, con efectos económicos e administrativos de data da presente resolución.

O dito cesamento estará en todo caso supeditado á toma de posesión efectiva como Interventor Xeral Municipal no Concello de Santiago de Compostela en réxime de comisión de servizos, tendo carácter temporal mentres persista a mesma, e sempre nos termos e condicións establecidas na resolución do director Xeral de Administración Local de data 16.07.2012, que contempla o dereito á reserva do posto de traballo de orixe no Concello de Vigo.

Notifíquese a presente resolución ao interesado, Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Administración Local) e Excmo. Sr. Alcalde do concello de Santiago de Compostela aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da presente Resolución.

17(909).- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE EXCEDENCIA POR COIDADADO DE FILLA DE DONA SUSANA GARÍA ÁLVAREZ. EXPTE. 23281/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 09-07-2012, da técnica de Xestión, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a Dona Susana García Álvarez con DNI 34.959.892-F e nº de persoal 78741, técnica de administración xeral adscrita ao posto de traballo de Xefa do Servizo Recursos e Asesoramento (Asesoría Xurídica), encadrada no subgrupo A1 de titulación, en situación de excedencia para o coidado dun fillo, polo período de 13 de xullo de 2012 ata o 21 de setembro de 2012, computando o dito período a efectos de trienios e Seguridade Social, nos termos do disposto na normativa vixente, con dereito a reserva do posto de traballo.

Segundo.- Dese traslado do presente acordo á Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), Titular da Asesoría Xurídica e á interesada.

Contra a presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

18(910).- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL POR DON JESÚS LÓPEZ MOURE. EXPTE. 23280/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de xestión do 09-07-2012, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e

así mesmo polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer ao funcionario de carreira deste Concello con praza de técnico medio de actividades culturais e educativas e adscrito ao posto de de Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, D. Jesús López Moure, con NIF 36106611-S e nº de persoal 77210, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 26 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

19(911).- DAR CONTA DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL DON LUIS CASTRO LORENZO. EXPTE. 23210/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 09-07-2012, da técnica de xestión, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal (en réxime laboral) D. Luis Castro Lorenzo con data de efectos 27/07/2012, con nº de persoal 13008, data de nacemento 21/07/1947, con praza e posto de traballo de Oficial condutor (pto. 233), grupo C2 de cotización e adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa concordante de aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, concelleiro-delegado de Área, xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e déase conta á Xunta de goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo,

reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

20(912).- DAR CONTA DA PRÓRROGA NO SERVIZO ACTIVO DE DON SERGIO GONZÁLEZ PRADA. EXPTE. 23137/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 05-07-2012, da técnica de xestión, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a prórroga no servizo activo do funcionario municipal D. Sergio González Prada, con DNI núm.: 34574036-E e nº de persoal 18537, Técnico de Administración Especial (Enxeñeiro) adscrito ao posto de traballo 18- Xefe de Servizos Técnicos- da Xefatura da Xerencia de Urbanismo, con efectos do día 20 de novembro de 2012 -data de cumprimento da idade de xubilación forzosa- nos termos da solicitude formulada polo interesado e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados.

Segundo.- A presente autorización de prórroga no servizo activo será por un período de un ano, renovable ata un máximo de 2 anos, segundo petición do interesado, debendo solicitar dita renovación cun prazo de antelación mínima de 3 meses á data da finalización da prolongación concedida e, declarándose de oficio a xubilación forzosa de non facelo, en atención á situación de déficit na cotización alegada polo solicitante e verificada na documentación aportada.

Contra o presente acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses.

21(913).- SOLICITUDE DE PERMUTA DE D. GUILLERMO GARCÍA BUJALANCE. EXPTE. 23135/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de acordo de data 09-07-12, da xefa do servizo de Recursos Humanos, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 24-07-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a permuta solicitada en escritos de datas 28/05/2012 (documento nº 120066046) e 05/06/2012 (documento nº 120069868) polo funcionario municipal D. Guillermo José García Bujalance, con nº de persoal 82165, administrativo de

administración xeral adscrito ao Museo Municipal “Quiñones de León” e pola funcionaria de carreira do Concello de Pontevedra D^a Francisca Coello Díaz, con DNI 36.094.550Y, administrativo de administración xeral da citada entidade local, de conformidade cos informes favorables, documentación e resolucións administrativas incorporados ao expediente, tendo a mesma efectos económicos e administrativos do próximo 1 de agosto do 2012.

Segundo.- Notifíquese o presente aos interesados/as, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Planificación e Organización e xefes/as das Áreas e Servizos correspondentes, e Sr. Concelleiro responsable da Área de Réxime Interior e Persoal do Concello de Pontevedra aos efectos oportunos.

Terceiro.- Solicitar do Concello de Pontevedra a expedición de copia completa e autenticada do expediente persoal de D^a Francisca Coello Díez, dispoñendo asemade a remisión de copia en idénticos termos do expediente persoal do funcionario municipal D. Guillermo José García Bujalance á referida entidade local.

Cuarto.- Informar aos solicitantes que, de conformidade co disposto no artigo artigo 62 do Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, no prazo de 10 anos a partir da concesión da presente permuta non poderá autorizarse outra a calquera dos interesados.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

22(914).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PARA O ABONO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA EUGENIO KRAFF. FASE I. EXPTE. 1447/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12-07-2012, do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de área, vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal do 17 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura nº 0035/11 de data 19 de decembro de 2011 presentada no Rexistro Xeral pola mercantil Oresa, S.L. con data 19 de decembro de 2011, correspondente ás obras de Actuacións realizadas para a finalización da obra de Humanización da Rúa Eugenio Kraff. Fase I e por importe de 37.194,94 Euros.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Oresa, S.L. por un importe de 37.194,94 Euros

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil Oresa, S.L. por un importe de 37.194,94 Euros, imputable á aplicación orzamentaria 1550.619.00.07 “REC. EXT. XRED. OBRA. EUGENIO KRAFF”

23(915).- TOMAR COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DEBIDAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO APR A-2-36 SAMIL. EXPTE. 5053/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Admon. Xeral e do xefe dos Servizos Centrais do 17-07-2012, conformado pola xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento das débedas que manteñen as seguintes persoas coa Xunta de Compensación pola falta de pagamento de cotas:

- Comunidade de herdeiros de D.^a Irlanda Augusta Costas Cabral -formada por D.^a María Romana San Luís Costas (NIF 35.931.086-A), D. Avelino Manuel San Luís Costas (NIF 35.946.375-C) e D.^a María Concepción San Luís Costas (NIF 35.988.011-A)-, con domicilio a efectos de notificacións en Despacho de avogados San Luís Costas, C.B, rúa Urzáiz, 86-i, 1^a Of (36.204) Vigo, por importe de 1.857,75 euros
- D.^a Esperanza Costas Costas (NIF 36.043.625-A) e D.^a María Josefa Costas Costas (NIF 36.030.806-H), por importe de 1.266,10 euros
- D.^a Josefina Costas Costas (NIF 35.945.575-W) e D.^a Marta Isabel Rial Costas (NIF 36.091.759-K), por importe de 2.364,03 euros
- D. José Manuel Monroy Rodríguez (NIF 36.031.658-L), por importe de 612,78 euros.
- D. José Ángel Fernández Fernández (NIF 36.012.536-X), por importe de 269,28 euros

Segundo.- Remitir o expediente ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de prema, aplicando os recargos que procedan.

24(916).- PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DA APR A-5-31 POULO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 11483/411.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 16-07-2012, do Técnico de Admon. Xeral e da xefa de Planeamento e Xestión, conformado pola xerente de Urbanismo, visto así mesmo o acordo adoptado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 20-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO», de iniciativa municipal, consonte a documentación elaborada por D.^a Marta Vilas Rodríguez, datada a xullo de 2012.

Segundo.- Ordenar a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, e notificar de forma individual e simultánea aos propietarios dos terreos afectados.

Durante o mesmo prazo recabaranse das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación inicial e apertura do período de información pública na páxina de internet municipal, así como os documentos integrantes do Plan Especial de Reforma Interior da «APR A-5-31 POULO.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

25(917).- CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN DE VARIOS POSTOS PARA O PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL “VIGO EMPREGA” 2012. EXPTE. 8899/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12-07-2012, do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 18 e 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria de contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA” 2012:

a) Capataces beneficiarios/as:

- 2 – de albanelería
- 2 – de xardinaría/forestal

b) Oficiais beneficiarios/as:

- 15 -Oficiais Albanel.
- 1 – Oficial Carpinteiro Metálico.
- 10 –Oficiais Conductor.
- 1 – Oficial Conductor-Palista.
- 1 – Oficial Fontaneiro.
- 2 – Oficiais Electricistas.
- 5 – Oficiais Xardineiros/Forestais.

c) Peóns beneficiarios/as:

- 63 – Peóns.

Segundo.- Establecer a puntuación mínima requerida das persoas candidatas (segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

a). Peóns: Puntuación mínima de 3,40, é dicir, pasarán á seguinte fase de selección aquelas persoas que teñan unha puntuación igual ou superior a 3,40.

b). Oficiais e Capataces: Pasarán á seguinte fase de selección todas aquelas persoas admitidas con puntuación.

Terceiro.- Autorizar a realización de entrevista e proba práctica relacionada co oficio e posto aos Capataces, oficiais e peóns beneficiarios/as.

Cuarto.- Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que de seguido se relacionan:

- a) Finalización de fachadas dos locais para oficinas en Rivera Atienza.
- b) Integración de rede de alumeadado Público nas rúas:
 - Hernán Cortes.
 - Arenal
 - Martinez Garrido.
 - San Roque.
- c) Substitución de liñas monofásicas e puntos de luz en:
 - Beade
 - Lavadores
 - Cabral
 - Valadares
- d) Soterramento de liñas aéreas existentes nas rúas:
 - Aguia
 - Álvaro Cunqueiro.
 - Caracas.
 - Couto de San Honorato.
 - Cronista Álvarez Blázquez.
 - Elduayen
 - Filipinas
 - Gran Vía
 - Hispanidade.
 - Lepanto.
 - Manuel Olivié.
- e) Construción de oficinas no Parque Móbil no Parque Central de Servizos.

f) Obras de mellora e impermeabilización no pavimento na zona de lavado de camiões de rego asfáltico, no Parque Central de Servizos.

g) Pintado de paredes interiores e teitos no Parque Central de Servizos.

h) Construción de beirarrúas na:

- Estrada do Foxo e na Avenida Clara Campoamor. (Valadares)
- Rúa San Roque zona Vigo Centro.
- Rúa San Xoán (San Xoán do Monte)
- Rúas Colexio Paraixal e Paradela (Teis).
- Estrada da Venda. (Beade).
- Estrada Fragoiño (Sárdoma)

i) Realización de obras de acondicionamento nos vestiarios e armería das dependencias da Policía Local.

j) Acondicionamento e Limpeza de gabias, muros e valados dos viais e camiños, explanadas de uso público, eliminación de restos vexetais e transporte a vertedoiro na Parroquia de Cabral nos viais:

- Avenida do Aeroporto.
- Avenida de Santa Mariña.
- Rúa Becerreira.
- Rúa Figueiras.
- Rúa do Carballal.
- Avenida da Ponte.
- Avenida do Tranvía.

k) Realización de obras de mellora de albanelaría, fontanaría, electricidade e pintura nos diferentes cemiterios municipais.

l) Acondicionamento de camiños reparación e mantemento de zonas verdes, parterres de prantas ornamentais e de tempada, formación de praderías de céspede con sistemas de rego nos parques de Castrelos e do Castro.

m) Obras de reforma nas instalacións deportivas dos campos de fútbol do Monte da Mina en Castrelos e das Relfas en Sárdoma.

n) Acondicionamento de locais xunto ao Campo de Fútbol de Barreiro.

o) Apuntalamiento de marxes derrubadas en diversas zonas do río Lagares.

p) Acondicionamento dos desperfectos detectados no corredor en T da Senda Azul.

Quinto.- Aprobar o gasto total de 1.394.668,25€, dos que para o presente ano corresponden 464.889,42€ e para o ano 2013 de 929.778,83€. Estes custos aplicáranse ás partidas orzamentarias seguintes do vixente orzamento municipal e do correspondente ao ano 2012:

- 2410 1310000 “Plan de Empleo Municipal:
 - Orzamento 2012 337.014,18€
 - Orzamento 2013 674.028,36€

- 2410 16000001 “Seguridade Social Empleo:
 - Orzamento 2012 127.875,24€
 - Orzamento 2013 255.750,48€
 -

Sexto.- Nomear membros da Comisión de Selección de persoal do programa VIGO EMPREGA aos seguintes membros:

1.- Selección de Capataces e Oficiais de Oficios

- Presidente:
 - Francisco J. Gutiérrez Orúe.
- Suplente Presidente:
 - Ana M^a Mouriz Martínez
- Secretario/a:
 - Purificación Bernardez Martínez
- Suplente secretario/a
 - Rosa M^a Otero Malvarez
- Vogais:
 - Juan Zaragoza Bastos
 - José Antonio Comesaña Davila
 - Jjuan Ramón López Rivera
 - Vogais suplentes:
 - Carlos Juncal Gil
 - Primitivo Calles Santos
 - Federico Rodríguez Prieto

2.- Selección de Peóns

- Presidente:
 - Francisco J. Gutiérrez Orúe.
- Suplente Presidente:
 - Ana M^a Mouriz Martínez
- Secretario/a:
 - Purificación Bernardez Martínez
- Suplente secretario/a
 - Marta Alonso Posada
- Vogais:
 - Juan Zaragoza Bastos
 - José Manuel Martínez Viéitez
 - Manuel Bueno Heredia
 - Vogais suplentes:

- Carlos Juncal Gil
- Javier Albor Rodríguez
- Francisco Jose García Soto

26(918).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUNHA AUXILIAR DE ENFERMERÍA POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 23306/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-07-2012, do técnico de organización e planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo os informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a por acumulación de tarefas, como auxiliar de laboratorio, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de tres meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade asistencial de drogodependencias (CEDRO), contidas no escrito de data 4 de xuño de 2012 suscrito polo Director de CEDRO e conformado pola Concelleira-delegada de Cultura, Festas e Política de Benestar e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 5.280,24€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Auxiliar de Laboratorio por un período máximo de tres meses, á D^a. ANA M^a. VARELA DE LIMIA COMINGES, DNI 36.120.791-G, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de auxiliares de laboratorio por acumulación de tarefas autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 19 de abril de 2010, de conformidade coas bases da mesma e a Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os tres meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 141-auxiliar de laboratorio- da RPT vixente), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 e, publicada no BOP de 16 de novembro seguinte. sendo adscrita ao Servizo de CEDRO (cód. 315).

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

27(919).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS OFICIAIS SEPULTUREIROS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE CATRO MESES. EXPTE. 23134/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-07-2012, do técnico de organización e planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais Sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de catro meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito de data 2 de marzo de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 14.880,00€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de catro meses, a D. ESTEBAN FERNANDO COMIS GONZÁLEZ, DNI 36.102.567-L e D. JAVIER RODRÍGUEZ TORRES, DNI 76.995.552-Q, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de oficial sepultureiro e oficial albanel, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo,

retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205, oficial sepultureiro, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados, desenvolverase en xornada partida de mañá e tarde –09,00 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

28(920).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE 0-3 ANOS DE TOMAS ALONSO E BOUZAS. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E GASTO. EXPTE. 13000/332.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Educación, conformado pola Intervención Xeral Municipal e pola concelleira-delegada de Educación, visto o informe de fiscalización do 12-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación do servizo das escolas infantís municipais de 0-3 anos de Tomás Alonso e Casiano Martínez (Bouzas).

Segundo.- Aprobar o Prego de Clausulas administrativas de data 23 de xullo de 2012 redactado polo departamento de contratación, e o prego de prescricións técnicas particulares de data 5 de marzo de 2012 redactados polo Servizo de Educación, que se inclúe no presente expediente para a prestación do servizo das dúas novas EIM de Tomás Alonso e Bouzas.

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 1.753.816,72 euros, para a contratación da prestación do servizo das dúas novas EIM de Tomás Alonso e Casiano Martínez, con cargo ás partidas presupostarias 3210 2279912 e 3210 2279913 do vixente orzamento municipal e orzamentos futuros, coa seguinte distribución por anualidades:

Imputación anualidades Impote en euros		Aplicación orzamentaria	
		3210.2279912	3210.2279913
Servizo 4 meses en 2012	144.151,39	72.075,70	72.075,70
Material en 2012	24.000,00	12.000,00	12.000,00
Total anualidad 2012	168.151,39	84.075,70	84.075,70

Anualidad 2013	432.454,18	216.227,09	216.227,09
Anualidad 2014	432.454,18	216.227,09	216.227,09
Anualidad 2015	432.454,18	216.227,09	216.227,09
Anualidad 2016	288.302,79	144.151,39	144.151,39
Total prezo contrato	1.753.816,72	876.908,36	876.908,36

Cuarto.- Acordar a apertura do procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

29(921).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE APLICATIVOS MÓBILES MULTIPLATAFORMA PARA POTENCIAS O DISFRUTE DO DESTINO TURÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 4247/1404.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Á vista das actuacións da Mesa de Contratación, sesións realizadas os días 20-06-2012, 02-07-2012, 06-07-2012, 11-07-2012, 18-07-2012 e 26-07-2012 e dos informes da técnica do servizo de turismo de datas 13-07-2012 e 23-07-2012, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de desenvolvemento de aplicativos móbiles multiplataforma para potenciar o disfrute do destino turístico de Vigo (expediente 4247-104) no seguinte orde decrecente:

1. UTE SIGNO SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E CARTOGRAFÍA DIXITAL, S.L. (50% de participación no capital social)- CENTRO OBSERVACION Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL, S.A. (50% de participación no capital social), que obtén a puntuación total de 92,81 puntos.
2. Enxenio, que obtén a puntuación total de 88,05 puntos.
3. Blueguia S.L., que obtén a puntuación total de 86,5 puntos.
4. Dhuman, que obtén a puntuación total de 82,38 puntos.
5. UTE Urbing Softwisper, que obtén a puntuación total de 72,87 puntos.
6. Treeologic Telematica, que obtén a puntuación total de 72,52 puntos.
7. Virtualwhare, que obtén a puntuación total de 64,18 puntos.
8. Novasoft, que obtén a puntuación total de 54,78 puntos.
9. Deimos Space, que obtén a puntuación total de 53,58 puntos.
10. Imatia Innovation, que obtén a puntuación total de 42,46 puntos.
11. Wildbit studios, que obtén a puntuación total de 42,32 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE SIGNO-CENTRO OBSERVACION, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación con relación a cada unha das empresas integrantes da UTE (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Conforme coa delegación acordada pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

30(922).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 horas. Como secretaria dou fé.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.